

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 12 DE XANEIRO DE 2022

SEÑORES ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS:

Don Pablo Sobrado Vázquez

Don José Manuel Camba Mejuto

Don José Manuel Fernández Otero

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a doce de xaneiro de dous mil vinte e dous, reunidos en primeira convocatoria os señores concelleiros que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto convocada, e sendo as doce horas quince

minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 5 de xaneiro de 2022, foi aprobado por unanimidade dos Sres. concelleiros presentes.

2.- CONTRATACIÓNS LABORAIS PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORAS EN SITUACIÓN DE BAIXA POR INCAPACIDADE TEMPORAL (IT)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Ana Núñez Varela e Dona Ana María García Presas, traballadoras laborais do Concello en prazas de auxiliar de axuda no fogar, causaron baixa laboral por IT, con datas 24 de decembro de 2021 e 5 de xaneiro de 2022 respectivamente. Xa que logo, existe a necesidade de proceder á contratación urxente duns/has novos/as traballadores/as que presten os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que prestan aos/ás

usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que as contratacións propostas non contradín a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2022, establecida no artigo 20.Catro da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

Aplícase á contratación da traballadora Verónica Regueira Soengas a lista de reserva establecida por acordo adoptado por este órgano na sesión celebrada o día 30 de xuño de 2021.

Respecto da segunda contratación, o Sr. secretario considera que debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas interinidades ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e a proposta da traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación das seguintes traballadoras, como auxiliares de axuda no fogar, mediante cadanseus contratos de interinidade a tempo parcial (15 horas/semana e 20,75 horas/semana, respectivamente), ao abeiro do disposto no artigo 15.3 do Estatuto dos Traballadores e artigo 4 do RD 2720/1998, do 18 de decembro:

- ✓ MARÍA HERMIDA SÁNCHEZ, con DNI núm. [REDACTED], en substitución de Ana Núñez Varela.

- ✓ VERÓNICA REGUEIRA SOENGAS, con DNI núm. [REDACTED], en substitución de Ana María García Presas.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

3.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS E PERMISOS LABORAIS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Rosa Castro Rey, traballadora laboral do Concello na praza de auxiliar de axuda no fogar, ten solicitado o goce parcial das súas vacacións anuais e permisos laborais pendentes durante parte dos meses de xaneiro e febreiro do corrente. Xa que logo, existe a necesidade de proceder á contratación urxente dun/ha novo/a traballador/a que preste os devanditos servizos durante dito período, ao tratarse dun servizo prioritario por mor da atención que presta aos/ás usuarios/as beneficiarios/as da Lei de Dependencia, polo que é preciso proceder a súa provisión temporal inmediata.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2022, establecida no artigo 20.Catro da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, por canto o servizo municipal de axuda no fogar correspóndese cun sector prioritario e que afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable, estando por outra parte financiado pola Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co previsto no artigo 58 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo.

O Sr. secretario considera que dito posto de traballo debера ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. O Sr. alcalde manifesta que, dada a urxencia da contratación, non se considera aconsellable realizar unha convocatoria pública da mesma, pola demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo. Asemade, constátanse as dificultades coas que se atopa o Concello para acadar persoal cualificado para ocupar estas interinidades ante a ausencia de oferta de candidatos/as coa formación requirida.

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos Sres. concelleiros asistentes e a proposta da traballadora social do Concello Dona Natalia Salgado Rodríguez, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación de Dona SANDRA LIMA SILVA, con NIE núm. ██████████, como auxiliar de axuda no fogar, mediante un contrato de interinidade a tempo parcial (15 horas/semana), entre os días 15 de xaneiro e 26 de febreiro de 2022, ambos incluídos ao abeiro do disposto no artigo 15.3 do Estatuto dos Traballadores e artigo 4 do RD 2720/1998, do 18 de decembro, polo tempo que dure o goce das vacacións e permisos laborais da traballadora Rosa Castro Rey.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

4.- CONTRATACIÓN LABORAL PARA SUBSTITUCIÓN DE TRABALLADORA POR GOCE DE VACACIÓNS

Dáse conta á Xunta de Goberno Local que Dona Laura Ulloa Diéguez, traballadora laboral temporal do Concello na praza de limpadora das dependencias municipais, ten solicitado o goce de permisos laborais e de parte das súas vacacións anuais durante o mes de xaneiro de 2022.

O Concello considera que a contratación proposta non contradí a prohibición de contratación de persoal temporal durante o ano 2022, establecida no artigo 20.Catro da Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, por canto o servizo municipal de limpeza correspóndese cun sector prioritario e afecta ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, constituíndo a súa provisión un suposto excepcional destinado a cubrir unha necesidade urxente e inaprazable.

O Sr. secretario considera que dito posto de traballo debera ser provisto nas condicións legalmente establecidas, atendendo aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como ao de publicidade. Non considera axeitado xustificar o incumprimento de ditos principios alegando urxencia xa que era doado prever con suficiente antelación as datas das vacacións, ao ter legalmente un límite temporal para seu goce, polo que se podería ter convocado publicamente dita provisión, previa a aprobación dunhas bases. Porén o Sr. alcalde, dada a urxencia da contratación e o limitado período desta, non considerou aconsellable realizar unha convocatoria pública

da mesma, pola posible demora que ocasionaría no inicio da prestación do servizo, precisándose a contratación dun traballador con experiencia acreditada, que coñeza as infraestruturas municipais que son preciso atender polo que se optou por unha traballadora que xa ten prestado ditos servizos en outras ocasións

Xa que logo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade do Sres. concelleiros asistentes, ACORDA:

Primeiro.- Autorizar a contratación de Dona ELISA BARCIA PRETEL, con DNI núm. [REDACTED], como limpadora das dependencias municipais, mediante un contrato de interinidade a tempo completo (37,5 horas/semana), entre os días 3 e 27 de xaneiro de 2022, ambos incluídos, ao abeiro do disposto no artigo 15.3 do Estatuto dos Traballadores e artigo 4 do RD 2720/1998, do 18 de decembro, en substitución por vacacións de Dona Laura Ulloa Diéguez.

Segundo.- Facultar ao alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

IMPUTABLES AO EXERCICIO ORZAMENTARIO DE 2021 (Base 8ª Orzamento 2017, prorrogado para o exercicio de 2022)

- RECURSOS E PROGRAMAS ACTIVOS S.L.U. 813,95 € E 1.051,20 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, nos meses de novembro e decembro de 2021, s/facturas núm. 21A00192 e 21A00193 (FACe).
- RODOIL S.L. 71,89 €, 142,71 €, 42,75 €, 432,91 €, 67,19 € E 93,99 €
Por subministro de combustible aos vehículos da brigada municipal de obras no mes de decembro de 2021, s/facturas núm. 2021/21000556, 2021/21000557, 2021/21000558, 2021/21000559, 2021/21000560 e 2021/21000561 (FACe).

- AUTOCARES MEIJIDE S.L. 220,00 €
Por desprazamento dos participantes na programa “*Outono en ruta*”,
s/factura núm. MEI2021A12-0016.

- GSI DOTACIÓN INDUSTRIAL S.L. 130,08 €
Por subministro de deterxente para a máquina de limpeza do pavillón
polideportivo, s/factura núm. FAC2118270 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)